



CONSTITUCIÓN DA XUNTA ELECTORAL.

De conformidade co establecido na Resolución do 20 de setembro de 2021 da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (DOG, 29 de setembro de 2021), realizarase proximamente neste Centro a renovación do **CONSELLO ESCOLAR** que é o instrumento de participación na vida escolar de todos os sectores educativos do Colexio.

A Organización e a supervisión do procedemento de elección dos novos membros do Consello Escolar estará a cargo da **Xunta Electoral** que se constituirá ao efecto, e integrada por:

- O Director ou directora do Centro.
- Un profesor ou profesora.
- Un pai ou nai ou titor legal.
- Un representante do persoal de administración e servizos.

Os tres últimos serán designados por sorteo segundo establece o artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, redactado conforme ao establecido na disposición adicional primeira do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto). Dito sorteo, que será público e no que se preverá a designación de membros suplentes, celebrarase neste Centro o próximo **día 27 mércores ás 11:45 horas**.

Aqueles membros da comunidade educativa que desexen presentar as súa candidatura para formar parte do novo consello Escolar deberán seguir as instrucións que figurarán nas distintas convocatorias que proximamente se farán públicas pola Xunta Electoral do Centro.

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 2021.

A DIRECTORA DO CENTRO.



Asdo: Olga Rosa Raíces Silva